

### 3. Administración do Parlamento de Galicia

#### 3.2. Recursos humanos

**Resolución do 21 de outubro de 2022, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para a provisión de dúas prazas da escala técnica de publicacións do Parlamento de Galicia, convocado por un acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 15 de xuño de 2021, pola que se corríxen erros na Resolución do 30 de setembro de 2022 pola que se fixan as puntuacións definitivas do proceso selectivo, se declaran as persoas que o superaron e se propón á Mesa do Parlamento o seu nomeamento como persoal funcionario de carreira.**

O tribunal designado por resolución da Presidencia do 15 de outubro de 2021 (BOPG núm. 215, do 20 de outubro de 2021) para cualificar o proceso selectivo para o ingreso por quenda libre en dúas prazas da escala técnica de publicacións do Parlamento de Galicia, grupo A, convocado por un acordo da Mesa do Parlamento do 15 de xuño de 2021 (BOPG núm. 163, do 30 de xuño de 2021), na súa sesión do 21 de outubro de 2022, tendo en conta as alegacións presentadas contra a citada resolución do 30 de setembro de 2022 e logo de estimalas parcialmente,

RESOLVEU:

Primeiro. Corrixir os erros detectados na citada resolución do 30 de setembro de 2022 nos seguintes termos:

- a) As puntuacións que se publican deben entenderse como provisionais e non como definitivas.
- b) A puntuación final da aspirante Carme María Vidal Reimúndez é de 24,75 puntos e non de 25,55.

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2022  
Raquel Rodríguez Carro  
Presidenta do tribunal

